

## V PREMIO A TRABALLOS FIN DE GRAO E TRABALLOS FIN DE MÁSTER SOBRE O CAMIÑO DE SANTIAGO E DAS PEREGRINACIÓNS - 2022

Co obxectivo de fomentar o coñecemento histórico e actual do Camiño de Santiago e das Peregrinacións, así como a promoción e difusión dos valores asociados a eles nas súas diferentes facianas, cumprindo deste xeito cos fins da Cátedra Institucional do Camiño de Santiago e das Peregrinacións da USC convoca o **V Premio a Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Máster sobre o Camiño de Santiago e as Peregrinacións** coas seguintes

### BASES

#### 1.- DESTINATARIOS/AS

Poderán presentarse a este premio todos/as os/as estudantes que teñan defendido **durante o curso académico 2021/2022**, un **Traballo de Fin de Grao (TFG) ou un Traballo de Fin de Máster (TFM)**, ou equivalentes, en calquera Universidade Española ou Estranxeira, que tivera como tema de estudo o Camiño de Santiago e as Peregrinacións baixo diversos aspectos (históricos, culturais, xeográficos, turísticos...), **e que tiveran acadado a máxima cualificación académica (sobresaliente)** por parte das respectivas comisións.

É condición inescusable para seren aceptados á consideración polo xurado, que o seu TFG ou TFM non teña sido premiado con anterioridade.

#### 2.- PREMIO

Outorgarase un único premio en metálico de **500 € (cincocentos euros)** para un Traballo de Fin de Grao (TFG) ou de Fin de Máster (TFM), e financiarase con cargo á partida orzamentaria da Cátedra Institucional do Camiño de Santiago e as Peregrinacións 5075-4326-22900 para o exercicio 2022, acompañado do correspondente diploma acreditativo.

No caso de haber máis dun/dunha gañador/a, o importe do premio repartiríase en partes iguais para cada unha delas.

No caso de que o xurado considere que ningún dos traballos presentados acada un nivel axeitado, poderase declarar deserto o premio.

### 3.- SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse a través do rexistro electrónico da USC e dirixiranse á Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación.

<https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/rexistroEntrada/acceso.htm> indicando en asunto V Premio a Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Máster sobre o Camiño de Santiago e as Peregrinacións, e acompañando a súa solicitude dos seguintes documentos:

- Un exemplar do TFG ou TFM en formato PDF. No caso de que o tamaño supere a capacidade permitida, deberá indicar un enlace ao repositorio que permita a súa descarga.
- Copia do DNI ou pasaporte (agás estudantes da USC)
- Certificación académica coa cualificación do TFG ou TFM (agás estudantes da USC)
- Un resumo do traballo dun máximo de 1.500 palabras en galego, castelán ou inglés no caso de que o traballo non estea en ningún deses idiomas
- Autorización escrita de someter os traballos a programas antiplaxio (agás defensa do TFG ou TFM na USC)
- Declaración responsable de que o TFG ou TFM non obtivo ningún premio anteriormente.

As persoas que non sexan quen de usar o rexistro electrónico poderán presentar a solicitude e documentación de xeito presencial na oficina de asistencia en materia de rexistros do Campus de Santiago de Compostela (Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela), na oficina de asistencia en materia de rexistros do Campus de Lugo (Biblioteca Intercentros, 27002 Lugo), ou naqueles lugares establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ao remate do prazo de presentación de solicitudes publicarase unha lista provisoria de solicitantes admitidos/as e excluídos/as.

Os/as aspirantes excluídos/as, disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta, para poder emendar os defectos que motivaron a exclusión.

A dirección da Cátedra resérvase o dereito a publicar os traballos premiados, previa autorización do autor.

#### 4.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación abrírase ao día seguinte da publicación da presente convocatoria no taboleiro electrónico da USC e **pecharase o 7 de outubro de 2022**.

#### 5.- XURADO DE SELECCIÓN

O xurado do presente premio estará formado polo director e os dous co-directores da Cátedra e, se se estima oportuno, dous asesores designados polo director da Cátedra en función da lingua na que se presenten os textos.

- Criterios de valoración:
  - A orixinalidade do traballo (25%)
  - As novidades das súas achegas ao coñecemento dos temas estudados (25%)
  - A actualidade e calidade da súa metodoloxía (25%)
  - As calidades formais dos textos: calidade da redacción, xeito de presentar e estruturar a información e calidade do aparato gráfico, caso de existir (15%)
  - A bibliografía citada (10%)
- Fallo do xurado:

Ditarase resolución co fallo do xurado a través da correspondente resolución, e publicarase no taboleiro electrónico da USC.

A entrega do V Premio a Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Máster sobre o Camiño de Santiago e das Peregrinacións do ano 2022 será feita polos responsables da Cátedra en acto público.

O xurado poderá realizar unha análise automatizada de control da vulneración de dereitos da propiedade intelectual, agás os traballos defendidos na USC. A partir desa análise, se o xurado observa que se vulneraron os citados dereitos desestimarás o traballo presentado sen prexuízo da responsabilidade en que se poda incorrer.

Todos os actos derivados da presente convocatoria publicaranse no taboleiro electrónico da USC.

A participación no concurso implica necesariamente a aceptación do que se expón nestas bases.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo anteriormente indicado, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,

Gumersindo Feijoo Costa  
Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación

(por delegación de competencias, RR. do 21 de abril de 2022 e publicación no DOG do 26 de abril de 2022)

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** GUMERSINDO FEIJOO COSTA, VICERREITOR DE TRANSFORMACION DIXITAL E INNOVACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 24/05/2022 11:35:29.

**CSV:** CAEB-4051-45CC-9995